

**N. Expediente:** 54/2023  
**Serie documental:** Expediente de concursos  
**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisión de Postos  
**Cód. SIA:** 1665918  
**Documento:** Decreto da Alcaldía resolución recurso de alzada

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Por Decreto da Alcaldía 2022-0213, de data 27 de maio de 2022, aprobouse a oferta excepcional de Emprego Público do Concello de Meis para a estabilización de emprego temporal de longa duración, ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Dita oferta excepcional de Emprego Público, aprobada por Decreto da alcaldía 2022-0213, foi publicada no BOPPO nº 103 e no DOG nº 116.

Por Decreto de Alcaldía 2022-0665, do 15 de decembro de 2022, aprobáronse as bases xerais e específicas polas que se rexen os procesos selectivos para cubrir as prazas incluídas na oferta excepcional de Emprego Público do Concello de Meis para a estabilización do emprego temporal de longa duración.

As bases publicáronse no Boletín Oficial de Pontevedra de data 27/12/2022 e o seu extracto no DOGA de data 27/12/2022 e no BOE de data 18/01/2023.

**SEGUNDO.-** En data 18 de decembro de 2023, reuniuse o Tribunal cualificador para a valoración dos méritos presentados por cada un dos/as candidatos/as no proceso selectivo para a estabilización da praza de asesor/a xurídico/a, grupo I, incluída na oferta extraordinaria de emprego público 2022, ao abeiro da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade, emitindo proposta de aprobación dos resultados provisionais, de conformidade coa Base 8ª das Bases Xerais pola que se rexen os procesos selectivos. Nesta acta, o Tribunal dá como finalizada a fase de concurso de valoración de méritos, otorgando a seguinte puntuación:

DNI	Apellido1	Apellido2	Nome	TOTAL
***6500**	PÉREZ	VÁZQUEZ	PEDRO MANUEL	99
***1742**	RIVEIRO	ÁLVAREZ	RAFAEL	39,40

Na mesma reunión, o Tribunal acordou, conforme as bases do proceso selectivo, dispoñer a publicación da acta no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica deste Concello, indicando que as persoas aspirantes poderían presentar reclamacións ante o propio órgano de selección dentro do prazo improrrogable de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación.

**TERCEIRO.-** Con data 28 de decembro de 2023, rexistro de entrada número 2023-E-RE-1445, o candidato RIVEIRO ÁLVAREZ, RAFAEL presentou escrito de alegacións fronte a baremación efectuada polo Tribunal ao entender que a mesma supoñía unha vulneración do dereito para acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos sinalados legalmente previstos nos artigos 14 e 23.2 en relación co artigo 103 da C.E.



Igualmente, consta no expediente que o mesmo candidato presentou con carácter previo demanda ante o XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 3 de PONTEVEDRA con relación ao recurso contencioso-administrativo en materia de personal (impugnación de convocatoria e bases do proceso selectivo) pendente de resolución.

**CUARTO.-** En data 15 de marzo de 2024, reuniuse o Tribunal cualificador para resolver as alegacións presentadas polo aspirante, acordando a súa desestimación con fundamento na seguinte argumentación:

**“ALEGACIÓN Nº 1. VULNERACIÓN DO DEREITO PARA ACCEDER EN CONDICIÓNS DE IGUALDADE ÁS FUNCIONS E CARGOS PÚBLICOS, COS REQUISITOS SINALADOS LEGALMENTE: ARTICULOS 14 E 23.2 EN RELACIÓN CO ARTICULO 103 DA C.E.**

**RESUMO DA ALEGACIÓN.-** O aspirante alega que nas bases valórase a experiencia profesional en función da Administración onde se adquiriu dita experiencia, destacando excesivamente a adquirida na Administración convocante, isto é, o Concello de Meis. Tal e como se pode apreciar sinala o aspirante a valoración que o Concello de Meis concede á experiencia obtida noutra Administración (0,20 puntos por mes completo de servizos, cun máximo de 90 puntos) é moi inferior á que se outorga por prestar servizos no propio Concello de Meis, (0,90 puntos por mes completo de servizos, cun máximo de 90 puntos).

A xuízo do aspirante, este feito constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais contemplados nos artigos 14 e 23.2 da C.E. en relación co disposto no artigo 103.3 da mesma, convertendo deste xeito un proceso extraordinario de estabilización nun proceso restrinxido, coa finalidade de que accedan, única e exclusivamente o persoal que xa presta servizos no Concello de Meis.

**CONSIDERACIÓNS DO TRIBUNAL.-** O Tribunal cualificador carece de atribucións para valorar a alegación formulada polo aspirante. Neste sentido, cabe destacar o principio de que as bases da convocatoria constitúen a lei do proceso selectivo, principio reiterado pola xurisprudencia. Así, o Tribunal Supremo mantivo en numerosas ocasións que as bases das probas selectivas constitúen a chamada “lei do concurso ou da oposición”, con capacidade para vincular aos aspirantes que participan, ao órgano de selección e á propia Administración Pública que as elaborou e aprobado.

Esta doutrina mantívose invariable ao longo dos anos até os nosos días (SSTS de 22 de maio de 1986, 12 de xuño de 1991, 7 de abril de 2006 e 27 de maio de 2010, por citar só algunhas). Nesta última, ditada no recurso de casación núm. 1719/2007, o Tribunal Supremo (Sala Terceira, Sección Séptima) lembra «[...] o criterio xurisprudencial uniforme de que as bases da convocatoria dun concurso ou probas selectivas constitúen a lei á que debe suxeitarse o procedemento e resolución dos mesmos, de tal maneira que, una vez firmes e consentidas, vinculan por igual aos participantes e á Administración, así como aos Tribunais e Comisións encargados da valoración dos méritos [...]».

Este principio, ten o seu reflexo na normativa estatal, no artigo 15.4 do Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI), aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que indica:

«As bases das convocatorias vinculan á Administración e aos Tribunais ou Comisións Permanentes de Selección que deben xulgar as probas selectivas e a quen participen nas mesmas».



A finalidade última desta coñecida fórmula é garantir a obxectividade e a igualdade de trato e limitar as facultades discrecionais da Administración Pública no proceso selectivo (STX de Navarra núm. 371/2000, de 14 de marzo, Sala do Contencioso-Administrativo, recurso contencioso-administrativo núm. 336/1997).

De modo que as bases fixan as regras de xogo dentro das que teñen que moverse os órganos administrativos intervinientes no procedemento de selección. Mediante a publicación das bases, a Administración queda efectivamente limitada, ao determinarse o sistema selectivo, os méritos a valorar, as probas que se deben superar, os programas e as formas de cualificación.

Atendendo ao anteriormente exposto, non compete a este Tribunal cualificador valorar neste momento a cuestión de fondo exposta polo aspirante na súa alegación en relación os méritos obxecto que valoración que se recollen nas Bases do proceso selectivo.

As bases foron aprobadas por un acto administrativo, neste caso da Alcaldía, e foron publicadas na forma habitual. O aspirante tivo coñecemento das mesmas e do seu contido, como evidencia que presentase a súa solicitude de participación. Hai antecedentes de que foron impugnadas en sede xudicial, sen que este Tribunal teña coñecemento que se acordara a suspensión do procedo selectivo.

Neste escenario, a valoración dos méritos por parte do Tribunal non pode ser outra que a que constan na convocatoria e por razóns de seguridade xurídica carece totalmente de competencia para efectuar unha revisión dos méritos baremables, estando obrigado, conforme ao disposto na Base 3ª, a valorar cunha maior puntuación a experiencia profesional na Administración convocante. Deste xeito, o proceso resólvese mediante a aplicación de todos os criterios de selección establecidos nas bases, estando o Tribunal cualificador obrigado a seguilos.

**RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN.-** En consecuencia, o Tribunal cualificador, por unanimidade dos seus compoñentes, acorda DESESTIMAR a alegación presentada polo aspirante.

#### **ALEGACIÓN Nº 2. ERROR NA VALORACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL. NON SE VALORAN OS SERVIZOS PRESTADOS COMO SECRETARIO XUDICIAL.**

**RESUMO DA ALEGACIÓN.-** O aspirante alega que non se valorou no apartado de experiencia profesional o tempo que prestou servizos como secretario xudicial (na actualidade denomínase letrado da administración de xustiza). Sinala que ao non ser valorado estes servizos prestados para a administración, vulneráronse as bases que rexen este proceso selectivo do proceso de estabilización da praza referenciada.

**CONSIDERACIÓNS DO TRIBUNAL.-** O Tribunal cualificador procede a revisar os méritos alegados e xustificados documentalmente polo aspirante de acordo cos criterios establecidos nas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas nos BOPPO nº 246 de 27 de decembro de 2022 e nº 247 de 28 de decembro de 2022, resultando que, a diferenza do exposto na alegación do aspirante, a experiencia profesional como secretario xudicial si foi valorada correctamente con 4 puntos, ao outorgar unha puntuación de 0,10 puntos (Por cada mes de servizo completo prestado no grupo, escala ou categoría na praza obxecto da convocatoria noutras Administracións Públicas, en réxime funcional interino o laboral temporal) por cada mes de traballo no xulgado (40 meses)”

**QUINTO.-** Con data 17 de abril de 2024, rexistro de entrada número 2024-E-RE-431, o candidato RIVEIRO ÁLVAREZ, RAFAEL presentou **RECURSO DE ALZADA** contra a acta do tribunal, de data 15 de marzo de 2024, pola que se resolvían as alegacións presentadas fronte a



cualificación provisional no proceso selectivo para a estabilización dá praza de asesor/a xurídico/a, Grupo I, incluída na oferta extraordinaria de emprego público 2022, ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución dá temporalidade no emprego público. No recurso interposto reproducense os mesmos argumentos xurídicos que no escrito de alegacións previamente resolto polo Tribunal avaliador.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** O artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), as resolucións e actos a que se refire o artigo 112.1, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os Tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das Administracións Públicas e calquera outros que, no seo destas, actúen con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano ao que estean adscritos ou, na súa falta, do que nomease ao presidente dos mesmos, correspondendo neste caso, á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meis a súa resolución.

**SEGUNDO.-** Que o recurso de alzada foi exposto en tempo e forma, de conformidade co establecido nos artigos 112 e 115 da LPACAP.

**TERCEIRO.-** Respecto á cuestión suscitada polo recorrente, reproducese o Informe emitido polo Tribunal de Selección de data 15 de marzo de 2024.

## RESOLUCIÓN RECURSO DE ALZADA

En base ao anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente, en concreto, os artigos 119 e 121 da LPACAP en relación co artigo 9.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), pola presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** DESESTIMAR o recurso de alzada interposto polo candidato RIVEIRO ÁLVAREZ, RAFAEL mediante escrito con rexistro de entrada no Concello de Meis número 2024-E-RE-431 de data 17 de abril de 2024 en virtude da fundamentación que se recolle no informe transcrito do órgano de selección de sesión de data 15 de marzo de 2024, pola que se resolven as alegacións presentadas fronte a cualificación provisional no proceso selectivo para a estabilización dá praza de asesor/a xurídico/a, Grupo I, incluída na oferta extraordinaria de emprego público 2022, ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución dá temporalidade no emprego público, que lle sirve de motivación ao acordo adoptado ex artigo 35 da LPACAP, ratificando a proposta de contratación como persoal laboral fixo ao seguinte candidato na praza convocada:

PRAZA	GRUPO	NOME E APELIDOS	DNI
ASESOR XURÍDICO	I	Pedro Manuel Pérez Vázquez	***6500**

**SEGUNDO.-** A presente Resolución pon fin á vía administrativa, significando que contra a resolución do recursos de alzada interposto non caberá ningún outro recurso administrativo, nos termos do artigo 122.3 da LPACAP, senón directamente recurso contencioso administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, cuxo prazo de interposición será de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución (artigo 46 LJCA). Todo iso sen prexuízo que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que estimen procedente.



**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución ao interesado e proceder á súa publicación no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello e na páxina web municipal para xeral coñecemento dos interesados.

**CUARTO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

